

TODOS SOMOS POUÇOS.
CONTIGO, UN MÁIS.



GUÍADA

SOLIDARIEDADE



Concello de
Vilagarcía
de Arousa

Vilagarcía de Arousa. Mar de Compostela

Guía da Solidariedade

- Alcaldesa **M^a Dolores García Giménez**
- Concelleira de Xuventude e Solidariedade
Ana Isabel Lorenzo Fraga
- Edición **Concellería de Xuventude e Solidariedade**
- Realización **Área de Comunicación Social**

- Imprime **Gráficas Anduriña, S.C.G.**

- Para máis información: www.vilagarcia.es

Índice

PRESENTACIÓN [03]

“Todos somos poucos”. Ana Isabel Lorenzo Fraga, concelleira de Igualdade e Benestar.

ASESORAMENTO AO VOLUNTARIADO [04]

Oficina Municipal para o Voluntariado (Concellería de Xuventude)
 Centro de Información á Muller (Concellería de Muller)
 Oficinas de Servizos Sociais (Concellería de Igualdade e Benestar)

AXUDA A PERSOAS CON DISCAPACIDADES [08]

Asociación Bata
 Asociación Con Eles
 Lar Pro Saúde Mental
 Amencer

AXUDA A PERSOAS CON ENFERMIDADES CRÓNICAS [14]

Afasal – Alzheimer
 AGL – Linfedema
 AREVA – Alcoholismo
 AECC – Cancro
 CCANVIHAR – Sida e ETS
 Liga Reumatolóxica Galega
 CAF - Afectados de fibromialxia e fatiga crónica

AXUDA HUMANITARIA [22]

Cáritas Interparroquial de Arousa
 Club de Leóns
 Cruz Vermella do Salnés
 Fundación Amigos de Galicia
 Residencia de persoas maiores "Divina Pastora"
 Udiaf - Desenvolvemento Infantil
 Agareso - Reporteiros solidarios de Galicia

AXUDA A PERSOAS CON DROGODEPENDENCIA [34]

Fundación Galega contra o Narcotráfico
 Proxecto Home

Presentación





Todos somos poucos


Vivimos nunha sociedade globalizada e complexa na que, sen embargo, cada día ten maior peso o eido local. E é lóxico que así sexa: os grandes números, os grandes problemas e retos no noso tempo son reais. Reais pero fríos. Ao final, a nosa medida das cousas está no que nos rodea. E non todos teñen, ou temos, as mesmas oportunidades nin as mesmas posibilidades de afrontar a vida. É aí onde xoga un papel determinante algo que nos diferencia aos seres humanos dos demais que habitamos a Terra: a nosa capacidade de comprender e, xa que logo, de ser solidarios.

Aínda que pareza mentira, no eido da solidariedade, todos somos poucos: a realidade sempre supera á imaxinación, e moitas veces temos ao noso carón xente que ten problemas e que cun pouco que fagamos podemos axudar se non a resolvelo, si a minimizalo.

Vivimos nun tempo no que o individualismo prima sobre o colectivo, pero a pouco que nolo planteemos, veremos que sempre hai tempo para a solidariedade. Nesta guía que agora presentamos, atoparás unha boa relación de asociacións que están aquí, non alí nin alá, senón aquí, onde vivimos. Asociacións que se preocupan polos demais, polos seus veciños, que son os teus. Pénsao: sempre hai un motivo e un tempo para ser solidario. Hoxe por eles, mañá por ti ou polos teus. Ti decides.

Ana Isabel Lorenzo Fraga
Concelleira de Igualdade e Benestar

Asesoramento ao voluntariado



Oficina municipal de axuda ao voluntariado

Que facemos?

- Creación, mantemento e xestión de programas de apoio ás entidades que traballan cos colectivos desfavorecidos.
- Realización dunha **Festa da Solidariedade** anual que constitúe un marco de reflexión sobre o sentido da acción solidaria.
- Realización de **obradoiros, cursos, xornadas técnicas...** co obxecto de dar a coñecer a realidade e sentido do voluntariado.
- Realización de **accións formativas** que melloren a xestión das entidades sen ánimo de lucro que traballan con voluntarios.



Concello de
Vilagarcía de Arousa

Cales son os obxectivos?

Os obxectivos están reflectidos no Plan de Acción Local Voluntaria, e son estes:

- **Promover o voluntariado** como forma de participación dos máis novos na atención das necesidades da sociedade, como son: servizos sociais, saúde, medioambiente, educación, cultura, ocio e tempo libre, etc.
- **Facilitar a incorporación** ás entidades sen ánimo de lucro das persoas que se ofrecen como voluntarias.
- **Formar ós voluntarios**, ofrecéndolles as ferramentas necesarias para o bo desenvolvemento da súa labor.
- **Facilitar a incorporación dos voluntarios** ás actividades organizadas polo Concello.
- **Proporcionar apoio e asesoramento** para a calidade na xestión das organizacións do voluntariado.
- Vincular de maneira vivencial aos mozos coa problemática social comunitaria.

A quen nos diriximos?

Ás entidades de acción voluntaria e persoas interesadas no eido da solidariedade en xeral e da acción voluntaria en particular.



Praza Ravella, 1,
entrechán.



986 099 200 Ext 224



xuventude@vilagarcia.es

www

www.vilagarcia.es



Ana Isabel Lorenzo Fraga
(responsable política)
Marta Barreiro e M^a
Teresa García

(responsables da oficina municipal de voluntariado)



Concello de
**Vilagarcía
de Arousa**

Centro de Información-CIM Concellería da Muller

Que facemos?

- Programas de **atención especializada a mulleres**: asesoramento xurídico, apoio psicolóxico, mediación familiar, información de recursos, solicitudes de axudas específicas.
- Programa de **dinamización das asociacións** de mulleres.
- Programa de **muller e saúde**.
- Programas de **formación ocupacional**.
- Programa de fomento do **cooperativismo**.
- Programa de sensibilización en **Igualdade de Xénero**.

De que recursos dispoñemos?

MATERIAIS: despachos individualizados, equipos informáticos, bases de datos, dúas aulas para xuntanzas e formación en novas tecnoloxías.

ECONÓMICOS: Orzamento da Concellería da Muller-CIM, máis de 30.000€ aportados polo SGI (Servizo Galego de Igualdade), á firma do convenio de mantemento.

HUMANOS: Directora do CIM - Socióloga, traballadora social - mediadora familiar, pedagoga, avogada, psicólogo, dinamizadora social, e auxiliar administrativa.

A quen nos diriximos?

Ás mulleres e á poboación xeral en canto á sensibilización.



Praza Ravella, 1, baixo.



986 099 200 Ext
102/103/107/109



muller@vilagarcia.es

www

www.vilagarcia.es



Victoria Hierro Lorenzo
(responsable política)
Julia Barbosa Sanchez
(responsable técnica)

Servizos Sociais do Concello de Vilagarcía

Que facemos?

- Programa de Orientación, Asesoramento e Información sobre dereitos e recursos no ámbito dos Servizos Sociais.
- Programa de Axuda no Fogar.
- Programa de Inserción Social.
- Programa de Educación Familiar.
- Actuacións e convenios a desenvolver dentro da área do Benestar.

Dende a Concellería de Servizos Sociais tramítanse, entre outros, estes recursos: Acollemento familiar de menores, atención de día a menores, axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados, axudas individuais a drogodependentes, persoas discapacitadas e terceira idade, emerxencia social de Galicia e municipal, bonificación de impostos, escola infantil municipal, lactancia, minusvalías, teleasistencia...

¿De qué recursos dispoñemos?

MATERIAIS: despachos individualizados, área de información e atención, acceso e aseos adaptados. Material bibliográfico.

ECONÓMICOS: Orzamento da Concellería de Servizos Sociais, subvencións solicitadas á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, Plan Concertado.

HUMANOS: Coordinadora do servizo, 3 traballadores sociais, unha educadora social e dous auxiliares administrativas.

¿A quen nos diriximos?

Á poboación xeral e, en concreto, a través de recursos dirixidos a diferentes colectivos:

- Familia, infancia e mocidade / Persoas maiores / Discapacitados / Persoas con Drogodependencias / Migracións / Persoas en situación de exclusión social.



Concello de
**Vilagarcía
de Arousa**



Praza Ravella, 1, baixo.



986 099 200 Ext
126/130/132/133



servizossociais@
vilagarcia.es


www

www.vilagarcia.es



Ana Isabel Lorenzo Fraga
(responsable político)
Iria Camba Rey
(coordinadora do servizo)

Discapacidades



Asociación BATA

(tratamento do autismo)

Que facemos?

Servizo de Menores:

- Centro de educación.
- Unidade de apoio ambulatorio.
- Servizo de Avaliación e Diagnóstico.
- Servizo de comunidade.

Servizo de Adultos:

- Servizo de Emprego.
- Centro de Día.
- Vivendas Independentes con apoio.
- Servizo de comunidade.

Servizo de Ocio:

- Respiro familiar de fin de semana.

De que recursos dispoñemos?

MATERIAIS: Centro de Educación Especial, vivendas tuteladas, taller ocupacional e centro de día.

ECONÓMICOS: Convenio de mantemento coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, concerto de 3 aulas coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e cotas dos usuarios.

HUMANOS: Equipo directivo, profesionais de atención directa, e servizos complementarios.

A quen nos diriximos?

A persoas con autismo e trastornos xeneralizados do desenvolvemento.



O Rodo, s/n - Baión -
Vilanova de Arousa



986 565 128



bata@autismobata.com

www

www.autismobata.com



Carmen Márquez López

Asociación CON ELES (discapacitados psíquicos)



Que facemos?

O centro de día “Con Eles” está encamiñado a **mellorar a calidade de vida** das persoas con discapacidade intelectual e a das súas familias, con programas que fomenten a **solidariedade** entre todos os seus membros, que promovan a súa **integración social** e a súa **normalización**. Así, os servizos dos que dispón o centro van dirixidos a proporcionar unha **asistencia digna e de calidade** para as persoas con discapacidade psíquica.

De que recursos dispoñemos?

MATERIAIS: O propio Centro de Día.

ECONÓMICOS: O centro de día conta cun convenio de colaboración coa Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia. Así mesmo, as achegas de subvencións de organismos oficiais ou privados contribúen ao mantemento e o desenvolvemento de programas de acción social para os usuarios, é o caso do Concello de Vilagarcía de Arousa.



Rúa Sobreira, nº24 -
O Rial - 36611 -
Vilagarcía de Arousa



986 502 622



a.coneles@terra.es



M^a Teresa Quintela
Gómez (Directora)

A quen nos diriximos?

Grupo de discapacitados psíquicos con necesidade de terceira persoa.

Cal é o perfil do noso voluntariado?

Aquel especialmente sensible á marxinación social que sofren as persoas con este tipo de discapacidade. A participación en actos, saídas, etcétera que organiza o propio centro esixe unha interacción social co fin de relacionar o grupo non só entre os propios usuarios senón tamén entre os distintos colectivos sociais(xuventude, persoas maiores, etcétera).

Asociación LAR

Pro-Saúde Mental

Que facemos?

Programas para o usuario:

- Programa residencial: mini residencia de adultos (24 pz.), 2 pisos protexidos (10 pz).
- Programa infantil-xuvenil: centro de menores Chavea: 10 prazas.
- Programa ocupacional: obradoiros de coiro, costura, horta...

Programas para a poboación en xeral:

voluntariado, xornadas, campañas de sensibilización. Formación para profesionais.

Programas para a familia: escola de pais, respiro familiar e atención domiciliaria.

Actividades desenvolvidas con

voluntariado: campañas formativas e divulgativas sobre a enfermidade mental; charlas en centros de ensino; cursos de formación específicos; prácticas; participación en xornadas de voluntariado.

De que recursos dispoñemos?

MATERIAIS: Un centro de rehabilitación psicosocial (55 pz.); un centro de menores “Chavea”; unha mini-residencia de adultos (24 pz); dous pisos protexidos(10 pz); obradoiros de coiro, costura, invernadoiros...

ECONÓMICOS: Contrato administrativo coa Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade, para a prestación de servizos no centro, na mini-residencia e nos pisos.

HUMANOS: 33 traballadores de Lar (Asociación e Fundación): 5 psicólogos, 19 monitores, 3 condutores, 2 cociñeiras, 3 vixiantes e 1 auxiliar administrativo.

A quen nos diriximos?

En Lar Pro Saúde Mental traballamos na inserción psicosocial e laboral de persoas con trastornos mentais persistentes.



Rúa do Muíño Novo, 1-3
A Laxe - 36619
Vilagarcía de Arousa



986 502 571 /
629 843 984



FUNDACIONLAR@
telefonica.net



Amelia Varela Artusio

Centro de Atención Integral **AMENCER - ASPACE**



Que facemos?

Amencer-Aspace é unha asociación de pais e nais de persoas con parálise cerebral e discapacidades afíns, fundada o 29 de maio de 1991 coa intención de facilitar no posible que a persoa afectada poida desenvolverse persoal e socialmente.

Desenvolvemos estes programas:

- **Equipo de Valoración e Orientación (EVO):** para determinar as necesidades das persoas con parálise cerebral e discapacidades afíns. Préstase de forma gratuíta por un equipo formado por: pedagogo, psicólogo, fisioterapeuta, logopeda, traballador social e terapeuta ocupacional.
- **Colexio de Educación Especial:** En concerto coa Consellería de Educación, dispón de aulas de pedagogía terapéutica; rehabilitación; apoio e coidados básicos nas actividades de vida diaria, servizo de transporte adaptado; e comedor.
- **Centro de Día.** Concertado coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, atende a persoas maiores de 16 anos con parálise cerebral ou discapacidade afín. Presta os servizos de rehabilitación, informática adaptada, axuste persoal, obradoiros de artesanía, transporte adaptado, e comedor.
- **Aula Snoezelen:** os usuarios reciben unha estimulación axeitada ás súas necesidades, para favorecer o seu desenvolvemento.
- **Sistemas alternativos e aumentativos de comunicación.** Serven para substituír a fala cando esta non se poida desenvolver ou aumentar a súa funcionalidade.
- **Programa de Atención Domiciliaria.** Subvencionado polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, a súa finalidade é facer chegar un servizo integral de rehabilitación aos domicilios das persoas afectadas que non reciban atención nos nosos centros.

- **Programas de Ocio e Tempo Libre:** Ao longo do ano desenvólvense actividades como deporte na piscina, campamentos de verán, viaxes e saídas pola cidade.
- **Outros servizos:** Os socios que o requiran teñen á súa disposición os servizos de información e asesoramento da asociación. Igualmente, o servizo da traballadora social para a xestión e tramitación de axudas públicas ou privadas e o de atención psicolóxica.

De que recursos dispoñemos?

MATERIAIS: Un Centro de Atención Integral en Vilagarcía e, así mesmo, de dúas furgonetas adaptadas para facilitar o desprazamento dos mesmos.

ECONÓMICOS: Os programas están subvencionados por diferentes organismos públicos, socios colaboradores e, ademais, polas cotas de socios, adaptadas á situación económica de cada familia, de tal xeito que ningún usuario quede sen servizo por motivos económicos.

A quen nos diriximos?

A persoas con parálise cerebral e discapacidades afíns da zona norte da provincia de Pontevedra.

Cal é o perfil do noso voluntariado?

Persoas maiores de 18 anos. As persoas que queiran colaborar coma voluntarios/as poden colaborar nas seguintes actividades: apoio na aulas; apoio no comedor; acompañamento durante o transporte; actividades lúdicas no centro; saídas pola cidade; viaxe de fin de curso; campamento de verán; e acompañamento á piscina.



Rúa Duque de Terranova
nº7 - 36600
Vilagarcía de Arousa



986 565 334



direccion.vilagarcia@
amencer-ospace.org

www

En construción



Jaime Pérez Tomé

Enfermedades Crónicas



AFASAL

(asociación de familiares de enfermos de Alzheimer da Comarca do Salnés)

Que facemos?

Afasal é unha asociación sen ánimo de lucro, cuxo fin é o tratamento das persoas con Alzheimer, así como dar apoio, formación e información dos seus familiares e cuidadores.



De que recursos dispoñemos?

Servizo de orientación, información e asesoramento social: Xoves de 16:30 h a 18:30 h.

Estimulación cognitiva

Espazos de apoio á Dependencia: de luns a venres, de 11:00 a 13:00 h.

Activemos a mente:

de luns a venres, de 17:30 a 19:30h.

Servizo de acollida e primeira atención:

de luns a venres, de 9:30h a 13:30h.

Proxecto de formación e captación de voluntariado.

A quen nos diriximos?

A persoas afectadas de Alzheimer e os seus familiares.

Cal é o perfil do noso voluntariado?

Persoas que queiran colaborar ou teñan interese por esta patoloxía.



López Ballesteros, 9-baixo
Vilagarcía de Arousa



986 185 255



afasalnes@gmail.com

www

afasalarousa.blogspot.com



Sofía Beiras Buján
(presidenta)



AGL

(asociación galega de linfedema)

Que facemos?

A AGL (Asociación Galega de Linfedema) é unha asociación de carácter benéfico sen ánimo de lucro. A nosa labor principal é ofrecer **información e asesoramento** sobre **coidados, recursos ou calquera aspecto** relacionado coa enfermidade.

De que recursos dispoñemos?

ECONÓMICOS: Cota de Socios.

A quen nos diriximos?

A persoas afectadas de Linfedemas Primarios e Secundarios e os seus familiares.

Cal é o perfil do noso voluntariado?

Persoas que queiran colaborar ou teñan interese por esta patoloxía.



Sede Central: Rúa
Nogueira nº21, Apdo. 338
36600- Vilagarcía



618 307 562



aglinfedema@yahoo.es

www

www.gweb.e.telefonica.net



Juan Manuel Lameiro.
Delegada para Vilagarcía
e comarca do Salnés:
Montserrat Acha Lede.

AREVA

(Alcohólicos Rehabilitados de Vilagarcía de Arousa)

Que facemos?

A asociación desenvolve diversos programas de **prevención e rehabilitación** de enfermos alcohólicos, **apoio** aos familiares de enfermos alcohólicos, **sensibilización** na comunidade, **programas familiares e mantemento da abstinencia**.



De que recursos dispoñemos?

MATERIAIS: oficinas propias e material bibliográfico.

ECONÓMICOS: cotas de socios, donativos e subvencións de distintas administracións públicas.

HUMANOS: Un equipo directivo, unha licenciada en psicoloxía e unha diplomada en enfermería.

A quen nos diriximos?

Aos enfermos alcohólicos e os seus familiares.



Estación de autobuses,
1º andar.



986 502 137



areva@mixmail.com

www

www.arevarousa.org



Nemesio Portas Mella
(presidente)



AECC - Pontevedra (asociación contra o cancro)

Que facemos?

- Atención integral ás persoas enfermas de cancro e as súas familias, dende unha perspectiva psicosocial.
- Prevención do cancro dende a educación para a saúde e a investigación científica.
- Sensibilización social sobre a enfermidade e a súa prevención.
- Difusión, captación, e formación de voluntariado social para os programas, proxectos e actividades propias da aecc.
- Especial atención á mocidade e os máis pequenos, sobre todo en actividades de prevención e educación para a saúde.

De que recursos dispoñemos?

MATERIAIS:

- Unha sede provincial dotada de todos os recursos precisos para a posta en marcha dos programas, proxectos e actividades propias da aecc.
- Distintas sedes locais espalladas pola provincia, que melloran a calidade da atención ás persoas enfermas de cancro e as súas familias, así como as labouras de sensibilización da poboación en xeral.
- Unha unidade móvil composta por 1 médica e 1 enfermera.

HUMANOS:

- 1 Xerente-coordinador provincial, 1 médico, 4 psicólogas, 2 traballadores sociais, 1 enfermera, 1 educadora social, 1 informático, 2 administrativas, 403 voluntarios provinciais.

A quen nos diriximos?

Á sociedade en xeral, ás persoas enfermas de cancro e as súas familias e á mocidade e a infancia a través dos programas de prevención e educación para a saúde.



Sede Provincial: Rúa
Augusto González Besada,
9, entrechán 1,
36001 (Pontevedra)
Sede Local aecc Vilagarcía:
Rúa Moreira, 11,
36600 (Vilagarcía)



Sede Provincial: 986 86520
Sede Local: 986 506366



pontevedra@aecc.es



M^a Josefa Crespo Amigo
(presidenta provincial)
Marisa Arroyo Euba
(presidenta local)

CAF

(colectivo de afectados de fibromialxia e fatiga crónica)

Que facemos?

Informar aos afectados de fibromialxia e fatiga crónica e aos seus familiares sobre a enfermidade que padecemos, a través de charlas con especialistas (médicos, psicólogos e fisioterapeutas) sobre cómo levar unha vida mellor dentro do noso padecemento. Ofrecemos apoio médico, psicolóxico e xurídico. Loitamos para ser atendidos da mellor maneira posible por especialistas cualificados, buscando que a fibromialxia e a fatiga crónica sexan enfermidades recoñecidas e que a Seguridade Social cubra tratamentos paliativos para estes enfermos.



De que recursos dispoñemos?

MATERIAIS:

- Oficina propia en Vilagarcía, no Centro Social (Rosalía de castro nº24), un ordenador e diverso material bibliográfico.

ECONÓMICOS:

- Cotas dos socios e subvencións da Deputación de Pontevedra e da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia.

HUMANOS:

- Un equipo directivo e unha psicóloga que nos visita o 1º luns de cada mes en vilagarcía, e o 1º martes en Pontevedra.

A quen nos diriximos?

Aos enfermos e enfermas de fibromialxia e fatiga crónica, aos seus familiares e, en xeral, a todos aqueles que desexen coñecer estas enfermidades e que queiran colaborar con nós.



Castelao, 30 - 2ºB- Bueu



677 490 013
677 519 208



info@cafpontevedra.org

www

www.cafpontevedra.org



Pilar Lamosa García
(presidenta)



CCANVIHAR

Que facemos?

Proxectos de Información e Prevención da infección polo VIH/sida e outras ITSs (Infeccións de Transmisión sexual) en colectivos especialmente vulnerables (HSH, homes homoe bisexuais, PEP, persoas que exercen a prostitución, migrantes, mulleres, mocidade, xente socialmente marxinal... etc), e para a poboación en xeral.

Proxectos de Atención integral a persoas VIH+, enfermos da sida, familiares e contorno socio-afectivo.

De que recursos dispoñemos?

Dous locais en cesión da administración e un en aluguer, cos equipamentos de oficina adecuados.

A quen nos diriximos?

- Persoas VIH+, enfermos da sida, familiares e contorno socio-afectivo.
- Colectivos especialmente vulnerables á infección polo VIH/sida e outras ITSs (HSH, homes homoe bisexuais, PEP, persoas que exercen a prostitución, migrantes, mulleres, mocidade, xente socialmente marxinal...), e para a poboación en xeral.



Sede central: Castela, 13
2º andar, esq. Vilagarcía.
Sede Pontevedra: Casa
Azul, 3º andar, sala 3.
r/ Sor Lucía, 2.
Sede Vigo: Zaragoza, 1-A.
Locais C-E



Sede Central:
986 508 901 / 695 557 373
Pontevedra:
695 557 373
Vigo:
693 409 274 / 695 557 373



Sede Central:
ccanvihar@ccanvihar.org
Pontevedra:
infosidapontevedra@ccanvihar.org
Vigo:
infosidavigo@ccanvihar.org



Juan José Reiriz Lorenzo

Liga Reumatolóxica Galega

Que facemos?

Atención psicolóxica: Apoio e soporte ás persoas afectadas por doenzas reumáticas a través de terapia persoal e familiar e grupos para adultos.

Atención social: Orientación e información sobre as enfermidades reumáticas e os seus ámbitos afectados por elas.
Asesoramento sobre recursos, servizos e prestacións.

Actividades e obradoiros: Potenciación das capacidades das persoas con doenzas reumáticas e mellora da súa calidade de vida (obradoiros para pais, ximnasia, relaxación, cafés-tertulia, xornadas de convivencia, e outros).

Información e divulgación: Publicación periódica dun boletín informativo, realización de campañas de sensibilización, e participación en charlas, conferencias e xornadas.

De que recursos dispoñemos?

ECONÓMICOS: Cotas de entrada, cotas periódicas de socios e subvencións.

HUMANOS: Os propios doentes reumáticos que aportan o seu tempo de lecer, unha psicóloga e unha traballadora social.

A quen nos diriximos?

A calquera persoa afectada por unha enfermidade reumática e o seu contorno.



Rosalía de Castro, 24
local 6-2º andar.
Vilagarcía de Arousa.



698 133 560



romerodocampo@
hotmail.com

mdosilbarreiro@
yahoo.es

www

www.ligagalega.org



Xosé Luis Romero
Docampo

Humanitaria



Club de Leóns de Vilagarcía

Que facemos?

A nivel local:

- Axudas a familias necesitadas ou con escasos recursos (paquetes de alimentos a primeiros de cada mes).
- Adianto de axudas económicas para mercar libros de texto e material escolar.
- Pago de parte da hipoteca a familias en apuros económicos para evitar o deshaucio.
- Axudas para a rehabilitación de vivendas a persoas con escasos recursos.
- Revisión da vista e, de ser o caso, compra de gafas a persoas con escasos recursos.
- Actuacións varias na Residencia de Anciáns "Divina Pastora" de Vilagarcía.
- Campaña de doazón de órganos.

No eido Internacional:

- Envío de medicamentos a Cuba.
- Envío de 25 Kg de gafas a Katmandú.
- Aportación económica ao programa de loita contra a cegueira infantil de Lions Internacional.

De que recursos dispoñemos?

MATERIAIS: Oficinas de aluguer.

ECONÓMICOS: o Club finánciase coa venda de Lotería de Nadal, Cea de Aniversario, donativos de empresas e particulares, e unha subvención do Concello de Vilagarcía.

A quen nos diriximos?

O Club dirixe os seus esforzos aos sectores máis desfavorecidos da nosa sociedade.

Cal é o perfil do noso voluntariado?

Estaríamos dispostos a integrar xente nova con inquiredanzas e gañas de servir aos máis necesitados.



Apdo. de correos 185.
Vilagarcía de Arousa.



686 830 676



jose.peso@hotmail.com



José Luis Peso Teodosio
(Presidente).



Cáritas Interparroquial de Arousa

Que facemos?

No Centro de Día (praza da Constitución): acción social de base, comedor social, roupeiro, servizo de hixiene e lavandería, alfabetización de adultos, comedor sobre rodas para persoas maiores e discapacitadas.

No Centro San Cibrán (casa de acollida e reinserción para persoas sen fogar e inmigrantes): **acollida integral**, obradoiros formativos e prelaborais (invernadoiro, informática, manualidades, busca de emprego e orientación laboral), equipo de fútbol e deporte, ..., basando o traballo na reinserción sociolaboral das persoas.

De que recursos dispoñemos?

MATERIAIS: dous centros de atención con material axeitado para as actividades que desenvolve e terreo e material de invernadoiro. Dúas furgonetas e un tractor.

ECONÓMICOS: Subvencións públicas (Ministerio de Traballo, Xunta de Galicia, Deputación de Pontevedra e Concello de Vilagarcía). Colaboración de entidades privadas (caixas de aforros, obras sociais e outras entidades), e achegas da propia entidade (cotas de socios, donativos, actividades desenvolvidas).

HUMANOS: O persoal contratado consta dunha administrativa, dúas traballadoras sociais, tres cociñeiras, unha gobernanta e un monitor para o obradoiro de cultivo exterior e baixo abrigo.

A quen nos diriximos?

A colectivos desfavorecidos e marxinados en xeral, especialmente a persoas sen fogar, aínda que tamén familias, persoas inmigrantes e emigrantes retornados, colectivos xitano e cigano, etcétera.

Cal é o perfil do noso voluntariado?

Persoas maiores de idade, con capacidade para desenvolver as tarefas e as actividades propostas.



Praza da Constitución, 16.
Vilagarcía de Arousa.



986 565 391



caritasdearousa@terra.es



Francisco J. Fernández
Rodríguez



Cruz Vermella do Salnés

Que facemos?

Persoas maiores: Obradoiro de estimulación da memoria, cine para a Terceira Idade, acompañamentos domiciliarios, respiro familiar, teleasistencia domiciliaria, panxoliñas para a Terceira Idade en Reis, entroido para a Terceira Idade, excursión para a Terceira Idade en verán, proxectos “Ola de calor” e “Cultura maior”.

Inmigrantes: Información e asesoramento, retorno voluntario, reagrupación familiar, clases de español, clases de informática, acollida de africanos, derivación a outros recursos.

Muller: Teleasistencia móbil para vítimas da violencia de xénero.

Persoas sen fogar: Aloxamento e derivación a outros recursos.

Familias de acollida: Para menores en situacións de desprotección.

Cruz Vermella Xuventude:

- Educación e Sensibilización

Medioambiental: Verán Verde Medioambiental infantil e xuvenil; Proxecto “Consumo Cuidado”, e “Descubre a maxia da túa cidade coa Cruz Vermella”.

- Intervención e Inclusión Social: Sensibilización “Día Mundial da Paz”, Mediación social, Ludovermella, Obradoiros de Prevención de Condutas Violentas en centros educativos, Servizo en Beneficio da Comunidade de menores infractores.

- Perspectiva de Xénero e Coeducación: Campañas de Sensibilización (“Aquí traballa unha muller”, “O traballo non é cuestión de sexo”).

- Promoción e Educación para a Saúde: Obradoiros en centros educativos; sensibilización no “Día mundial da saúde” e no “Día mundial da loita contra a sida”; campaña de promoción de Hábitos Alimentarios Saudables; e reparto de preservativos.
- Educación para o desenvolvemento e cooperación internacional: Campaña do Xoguete, Cadernos de Abel, Obradoiros de educación intercultural, sensibilización no “Día Mundial para a Eliminación da Discriminación Racial” e no “Día Mundial dos dereitos da infancia”.

Formación: Formación básica institucional, curso de monitores de Prevención de Condutas Violentas, curso de monitores de Educación para a Saúde, curso de Primeiros Auxilios, monográficos de animación e medio ambiente dirixidos ao voluntariado.

De que recursos dispoñemos?

MATERIAIS: Instalacións propias na praza da Constitución.

ECONÓMICOS: Cotas de socios, doazóns, formación, venda de loterías e convenio co Concello de Vilagarcía.

HUMANOS: Dúas persoas contratadas e vinte voluntarias.

A quen nos diriximos?

Á poboación en xeral e máis en concreto a persoas maiores, inmigrantes, mulleres, persoas sen fogar, infancia e xuventude.

Cal é o perfil do noso voluntariado?

Persoas maiores de 16 anos, dispostas a ser solidarias cos máis necesitados.



Praza da Constitución, 3.
36600 Vilagarcía de Arousa.



986 512 244



arosa@cuzroja.es

www

www.cuzroja.es



Marián Vélez Silva

Fundación Amigos de Galicia



Que facemos?

A finalidade da Fundación é a de atender ás persoas sen recursos de Galicia, en especial familias con nenos, persoas dependentes, mulleres vítimas da violencia de xénero, drogodependentes e persoas maiores. Colaborar económica e materialmente con centros de atención a discapacitados, centros de menores, de persoas maiores e, en xeral, ás familias con poucos recursos que residan en Galicia. Fomentar a rehabilitación e a inserción social das vítimas da pobreza e da exclusión social.

A Fundación Amigos de Galicia, co gallo de procurar a integración social das persoas ou familias máis necesitadas de Galicia, concede axudas de emerxencia periódicas durante todo o ano en toda a xeografía galega.

As axudas son de carácter mensual, e consisten nun paquete de alimentos básicos non perecedoiros (arroz, pastas alimenticias, lentellas, azucre, queixo – en porcións, parafinado, de Arzúa Ulloa -, leite UHT, leite en pó, galletas, fariña, garavanzos, cacao, natillas, batidos, zumo, cereais de desayuno, froita, carne e pescado, ademais de leite de continuación e cereais infantís para os bebés...) de 62 kg de peso medio. Ademais da axuda alimenticia, a fundación distribúe roupa e produtos de hixiene, entre os que se inclúen cueiros para nenos menores de 2 anos, así como enseres domésticos e axudas pecuniarias para pagos de aluguer, luz, auga, garderías, etc... ás familias que, consideramos, se atopan nunha situación real de pobreza extrema.

De que recursos dispoñemos?

CORPO TÉCNICO:

1 traballador social, 1 auxiliar administrativo, persoal laboral, e 2 traballadores para o almacén e o reparto.

VOLUNTARIOS:

27 relacionados con tarefas directivas

43 relacionados con tarefas indirectas

3 persoas cumprimento de servizos en beneficio da comunidade cada mes.

Infraestruturas coas que conta a entidade:

1 Terreo de 1.000 m² no Polígono Industrial do Pousadouro en Vilagarcía de Arousa, doado por un patrono da fundación.

2 furgonetas, para a distribución das axudas e 2 oficinas.

MATERIAIS:

Todo o material de oficina e informático necesario para levar a cabo o noso traballo.

A Fundación dispón de recursos propios, subvencións das distintas Administracións Públicas, Ministerio de Agricultura con Fondos Europeos, doazóns de tipo persoal, doazón do FESBAL (Federación de Bancos de Alimentos) e de empresas galegas do sector alimenticio e textil.

A quen nos diriximos?

A Fundación Amigos de Galicia diríxese a persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social, en especial familias con nenos, persoas dependentes, mulleres vítimas da violencia de xénero, persoas maiores, etc...



Fontecarmoa, 63 - baixo
Vilagarcía de Arousa



Servizos Sociais:
986 510 181
Admón: 986 198 105



informacion@fundacion
amigosdeg Galicia.org

WWW

www.fundacionamigos
deg Galicia.org



Jesús Busto Peteiro
(presidente)

Divina Pastora

Residencia de persoas maiores

Que facemos?

A Residencia “Divina Pastora” é un centro de atención integral a persoas maiores en réxime residencial. A finalidade e obxecto fundamental desta institución é o coidado e a atención ás persoas maiores dende un enfoque interdisciplinar.

De que recursos dispoñemos?

Dispoñemos dos recursos materiais e humanos precisos para garantir os seguintes servizos:

- Atención psicolóxica.
- Estimulación cognitiva.
- Programas de apoio psico-social.
- Atención médica individualizada.
- Servizo permanente de enfermería.
- Traballo Social.
- Programas de animación socio-cultural.
- Terapia ocupacional.
- Fisioterapia e rehabilitación.
- Xerocultores con formación.
- Cociña propia.
- Lavandería.
- Podoloxía.
- Perruquería
- Asistencia relixiosa.

A quen nos diriximos?

Ás persoas maiores.

Cal é o perfil do noso voluntario?

Persoas con sensibilidade e empatía cara ás persoas maiores que desexen colaborar neste sector. Apostamos por un voluntariado con formación no eido das persoas maiores, e coas aptitudes e habilidades necesarias para o trato con elas.



Rúa Ramón López Piñeiro
nº11 - 36600 - Vilagarcía
de Arousa



986 501 902



F_ASILLO@terra.es



María Celina Rey Diéguez
(Directora)

UDIAF Salnés

(unidade de desenvolvemento infantil e apoio familiar)

Que facemos?

A unidade é un recurso profesional interdisciplinario dirixido a proporcionar unha asistencia integral, dende a proximidade, a os nenos e nenas que presentan discapacidade ou dificultades no seu desenvolvemento e ás súas familias.

UDIAF

SALNÉS

De que recursos dispoñemos?

MATERIAIS:

Un despacho e unha sala de psicomotricidade.

ECONÓMICOS:

Subvención da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

HUMANOS: Licenciada en Psicoloxía, especialista en Atención Temprá, Psicomotricista e auxiliar administrativa.

A quen nos diriximos?

Ás familias con nenos e nenas de 0 a 16 anos (con prioridade para 0-6) que estean en situación de risco no seu desenvolvemento.



Cento Sociocomunitario de Vilagarcía
Rosalía de Castro, 24-
1º andar



986 185 580



salnes@atencion
temprana.com

www

www.atenciontemprana.
com



Gema Martínez Martínez
(coordinadora)

AGARESO

(reporteiros galegos solidarios)



Que facemos?

O principal obxectivo de AGARESO é a creación dunha rede sólida, comprometida, solvente e plural no sector xornalístico galego que impulse a difusión, promoción, denuncia e educación en materia de cooperación e solidariedade, mediante a creación, desenvolvemento e seguimento de proxectos solidarios e de cooperación, xa sexan propios da asociación, ou alleos a ela.

Ademais, esta asociación persigue potenciar a educación, formación e reciclaxe do profesional da comunicación no tratamento e elaboración de informacións de carácter social, e ampliar a súa conciencia na abordaxe diaria da información destas temáticas, independentemente do medio no que se traballe, aplicando inflexibles códigos éticos e regulamentos específicos neste marco.

De que recursos dispoñemos?

Unha rede de recursos humanos, material tecnolóxico propio e canle dixital – web, entre outros

A quen nos diriximos?

AGARESO tenta impulsar a conciencia solidaria da sociedade galega mediante unha interactividade constante a través de conferencias, exposicións, publicacións, cursos ou calquera tipo de evento socio-cultural que permita achegar a opinión pública os proxectos solidarios

ou de cooperación e desenvolvemento realizados tanto en Galicia como en outra parte do mundo.

Coa súa labor xornalística, AGARESO pretende servir de amplificador social ó arduo e continuado traballo que en materia de cooperación e desenvolvemento, levan realizado desde fai anos asociacións ou colectivos con demostrado prestixio e dedicación.

Ademais, mediante a súa actividade buscarase xerar vínculos e alianzas con outras organizacións de similares características, independentemente da súa estrutura, co obxectivo de crear reciprocidade á hora de deseñar novos proxectos, compartir experiencias e aunar esforzos.



Santa Clara, 3 - 1ºC
Pontevedra



619 623 980
886 209 093



agareso@agareso.org



Juan de Sola Vollbrecht
(presidente)

Drogodependencias



Fundación Galega contra o Narcotráfico

Que facemos?

- Programas de sensibilización social fronte ó narcotráfico e as súas consecuencias.
- Información e atención ás persoas con problemas de adiccións e a súa familia.
- **Teléfono gratuito** de atención a drogodependentes.
- **Teléfono antidroga** para facilitar a denuncia anónima dos cidadáns ante situacións sospeitosas de narcotráfico.
- **Realización de foros de debate** en torno a diversas problemáticas asociadas ao narcotráfico e as drogodependencias.
- **Reivindicacións e accións** de distinta natureza encamiñadas a mellorar a eficacia da loita contra o narcotráfico.
- **Estudos e proxectos** de análise da situación do narcotráfico en Galicia.



Fundación Galega
Contra o Narcotráfico

De que recursos dispoñemos?

MATERIAIS: Sede social da Fundación.

ECONÓMICOS: Subvencións públicas de diversas institucións autonómicas e locais. Convenios de colaboración con entidades privadas.

HUMANOS: Un padroado composto por 27 membros e dous traballadores.

A quen nos diriximos?

Á sociedade en xeral e a xuventude en particular.

Cal é o perfil do noso voluntariado?

Aquelas persoas que teñen sensibilidade pola problemática da drogadicción e o narcotráfico. Perfil profesional de traballadores sociais, psicólogos ou técnicos administrativos.



Praza de Galicia, 8 - 1ºD
Vilagarcía de Arousa



900 102 300



info@fundacioncontrao
narcotrafico.org

www

www.fundacioncontrao
narcotrafico.org



José Manuel Siso Bartomé



Proxecto Home

Que facemos?

Buscamos, fundamentalmente, a implicación de persoas con problemas de drogodependencias ou ludopatías, no seu propio proceso de maduración e crecemento personal, para deste xeito facer posible a súa integración e a resocialización nas mellores condicións.

Podemos destacar varios programas:

- **Programas de prevención:** prevención de drogodependencias, alcoholismo, ludopatías..., programas educativos para xoves e adolescentes, campañas de sensibilización...
- **Programa de alcoholismo.**
- **Programa de prevención do consumo de cocaína.**
- **Comunidade Terapéutica Urbana.**
- **Programa de Ludopatías.**
- **Comunidade Terapéutica Intrapenitenciaria.**
- **Centro de acollida inmediata “O Meu Lar”.**

Con que recursos contamos?

MATERIAIS: oficina de información.

HUMANOS: unha informadora.

A quen nos diriximos?

A persoas afectadas por distintos tipos de dependencias e en xeral e o seu contorno.



Rúa Rey Daviña, 13 -
entrechán - 36600 -
Vilagarcía de Arousa



986 508 913



musicalduende@
hotmail.com



Milagros Zaragoza Pérez



Concello de
**Vilagarcía
de Arousa**

CONCELLERÍA DE XUVENTUDE
E SOLIDARIEDADE



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar
Dirección Xeral de Xuventude e
Solidariedade